“Achégase avaliación da consolidación fiscal relativo ao orzamento de 2016 prorrogado, que se remitiu ao Ministerio de facenda e administracións públicas con data 03.03.16.

Datouse o relativo as previsións das entidades mercantís dependentes.

Achéganse anexos sobre as avaliacións así como o resguardo telemático de remisión.

Co rogo da súa elevación ao Pleno da corporación para constancia, de acordo ao disposto na Orde HAP/2105/2010 de 1 de outubro.”

Adxunto a este escrito figuran 79 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 79 tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 26, 27, 29, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 45, 48, 49, 50, 51, 53, 54, 55,56, 57, 58, 59, 65, 67, 70 e 73 volta.”

A Corporación deuse por enterada.-----

15º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 15/03/16 (R. DE ENTRADA Nº 2480) COMUNICANDO A REMISIÓN AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS DO MARCO ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2017-2019). O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor** de 15 de marzo de 2016, rexistrado de entrada co número 2480, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégolle a vostede fe da remisión ao Ministerio de facenda e administracións públicas, o día 10.03.16, do marzo orzamentario a medio prazo (2017-2019), a través da plataforma informática da oficina virtual das entidades locais na páxina web do ministerio.

Coa finalidade da súa elevación ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento.

O mencionado marco orzamentario elaborouse sobre a base das seguintes especificacións:

“O presente marzo orzamentario realizouse tomando como base, para o ano 2015, o orzamento aprobado polo Pleno da Corporación en 2013 prorrogado a 2015, e para as anualidades 2017-2017 o plan de axuste aprobado polo Pleno da Corporación, no ano 2012, e validado polo ministerio, coas lóxicas adaptacións, que sucintamente, son:

A)Do lado dos ingresos

1º. En canto ao IBI, considerouse a entrada en vigor da nova ponencia de valores para o exercicio de 2015, pero sen variación respecto de 2014, polo tipo de gravame aprobado do 0,48%. Tómanse, pois, como referencia os valores de dereitos recoñecidos e recadados da liquidación de 2014.

2º. Están en marcha as medidas de inspección fiscal, en especial, en materia de IBI e ICIO.

3º. O ICIO mantense conforme ao plan de axuste e pasa a ser un ingreso afectado a superávit, reservas, provisións ou responsabilidade indemnizatorias, tal e como se estableceu no plan de axuste e bases de execución do orzamento vixente (menor contía que os dereitos recoñecidos en 2014).

4º. As previsións dos capítulos III, IV, V, VI e VII mantéñense nos criterios do marco do plan de axuste, coa especificidade da prohibición da presupuestación inicial de subvencións correntes ou de capital, que deberán ser incorporadas ao orzamento mediante modificación orzamentaria, unha vez confirmadas.

5º. Mantense a prohibición do recurso ao endebedamento a longo prazo durante todo o escenario do plan de axuste, é dicir, ata 2022 incluído.

B)Do lado dos gastos.

1º. O gasto de persoal en 2015 orzaméntase conforme ao orzamento prorrogado polo Pleno; para as anualidades 2016-2018 tómase como base o orzamento de 2015 prorrogado, que asume, desde 2013, a subrogación do persoal do servizo de limpeza e conserxerías (contrato externo suprimido) e decrementado polas amortizacións de prazas por xubilación e outras causas, previstas ou non no plan de axuste e efectivas no trienio 2012-2014.

2º. En canto ao gasto corrente tómase como referencia para o ano 2015 o orzamento prorrogado e para as restantes anualidades a base do plan de axuste. Así mesmo se actualizan as cantidades do plan quinquenal 2013-2017 de devolución de cantidade diñeraria derivada de executoria xudicial en materia urbanística.

3º. No capítulo III actualízase o importe das anualidades 2017-2019 polo efecto da executoria anteriormente mencionada e elo no que respecta ao intereses de demora devengados. Polo demais mantense o preciso para o servizo da débeda nos termos do marco do plan de axuste.

4º. Os capítulo IV e VII mantéñense nos termos do plan de axuste, de poder viabilizarse como gasto voluntario, sen prexuízo das transferencias a entes dependentes. Exceptuase unha transferencia de capital a favor da empresa estatal ACUAES de 176.794,31 euros por execución de obras hidráulicas.

5º. Non se prevén gastos derivados de activos financeiros.

6º. O gasto en pasivos financeiros mantense nos termos do marco do plan de axuste para facer fronte ao servizo da débeda a longo prazo.

7º. O gasto resultante corrente ten un incremento interanual do 0%.

Especifícanse as medidas do lado dos ingresos e dos gastos concordantes co plan de axuste”.

A mencionada obriga garda concordancia co disposto no artigo 29 da Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril, estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, que literalmente di:

“Artículo 29. Plan presupuestario a medio plazo.

1. Se elaborará un plan presupuestario a medio plazo que se incluirá en el Programa de Estabilidad, en el que se enmarcará la elaboración de los presupuestos anuales y a través del cual se garantizará una programación presupuestaria coherente con los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública y de conformidad con la regla de gasto.

2. El plan presupuestario a medio plazo abarcará un período mínimo de tres años y contendrá, entre otros parámetros:

a) Los objetivos de estabilidad presupuestaria, de deuda pública y regla de gasto de las respectivas Administraciones Públicas.

b) Las proyecciones de las principales partidas de ingresos y gastos teniendo en cuenta tanto su evolución tendencial, es decir, basada en políticas no sujetas a modificaciones, como el impacto de las medidas previstas para el período considerado.

c) Los principales supuestos en los que se basan dichas proyecciones de ingresos y gastos.

d) Una evaluación de cómo las medidas previstas pueden afectar a la sostenibilidad a largo plazo de las finanzas públicas.

3. Las proyecciones adoptadas en el plan presupuestario a medio plazo se basarán en previsiones macroeconómicas y presupuestarias elaboradas conforme a las metodologías y procedimientos establecidos en el proceso presupuestario anual.

4. Toda modificación del plan presupuestario a medio plazo o desviación respecto al mismo deberá ser explicada.””

Adxunto a este escrito figuran 14 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 14 tendo os números 1, 2, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13 e 14 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

16) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 09 DE DECEMBRO DE 2015 AO 01 DE MARZO DE 2016 (DE RES. Nº 1878/15 A RES Nº 285/16). O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 09 de decembro de 2015 ao 01 de marzo de 2016**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA RAIÁ (R. DE ENTRADA 2900 DO 31/03/16): O Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, deu lectura a moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Silvia Freire Fernández, voceira do GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE SANXENXO, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

MOCIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA RAIÁ

Cada ano, e dende fai máis de 20, Portonovo rende homenaxe á Raia. Edición tras edición, a Festa da Raia foise facendo un oco entre as citas gastronómicas máis destacadas e coñecidas da Comarca. Concello, veciños, colectivos e empresarios, traballaban da man para poder levar a cabo este evento. A pesares do Plan de Axuste ao que foi sometido este Concello nos últimos anos, o goberno municipal foi quen de seguir mantendo esta festa gastronómica, cun recorte na partida presupostaria destinado á mesma.

O día 5 de Marzo de 2016, coñecemos, polos medios, a decisión do concelleiro de Cultura, Festexos e Xuventude de suspender a Festa da Raia, entre outros motivos, pola escasa implicación social en Portonovo: *“La gente de Portonovo no se identifica con esta fiesta, no va a la fiesta, no se implica”*.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular saímos criticando esta decisión, xa que consideramos inadmisíbel a suspensión desta festa, sendo ademais incompreensible que se xustifique esta suspensión pola falta de traballo e implicación dos colectivos, veciños e establecementos de Portonovo. O que precisa a Festa da Raia non é un maior investimento, senón un xiro, un impulso e unha reorientación que o novo goberno debería facer.

Á par, diferentes colectivos de Portonovo, saen criticando tamén esta decisión do Concello e deciden impulsar, aínda que sexa en solitario, de cara ao mes de setembro a celebración da Festa da Raia.

En toda esta secuencia, non escoitamos máis que as declaracións do concelleiro de Cultura, votando en falta a presenza do Alcalde neste tema.

A pesares de que a partida destinada a esta edición xa está incluída no presuposto prorrogado, a suspensión da Festa da Raia é un fracaso e un desprezo a Portonovo, aos veciños e asociacións.

A celebración de novos eventos e o impulso dos que xa se viñan celebrando é fundamental na estratexia turística de Sanxenxo. O diñeiro que se destina á celebración de eventos non pode verse exclusivamente coma un gasto, senón coma un investimento que reverte en tódolos negocios e comercios do municipio e, a través das taxas e impostos que estes pagan, volve ás arcas municipais.

Por todo o anterior, e despois das desafortunadas declaracións do Concelleiro de Cultura que mostran un desprezo ao traballo de todas as persoas implicadas na realización deste evento, o Grupo Municipal do Partido Popular de Sanxenxo, eleva ao Pleno esta MOCIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA RAIÁ.

E, instamos ao Goberno a:

-Que se comprometa a impulsar a organización da 22ª edición da Festa da Raia, en colaboración cos colectivos de Portonovo, para que poida celebrarse unha nova edición no vindeiro mes de setembro.

-Que se comprometa a apoiala economicamente cunha cantidade similar á que se viña aportando nos últimos anos por parte do Concello. En Sanxenxo, a 31 de marzo de 2016.”

O Sr. Martín González xustificou a urxencia da moción porque o vindeiro pleno será en Maio, polo que podía ser demasiado tarde, engadindo que, se non se aprobaba a urxencia, solicitarían un pleno extraordinario para tratar este tema, ademais de que están veciños presentes nesta sesión interesados neste tema.

O **Sr. Alcalde** dixo que ía pedir o voto a favor do tratamento desta moción pola vía de urxencia.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Martín González** sinalou que mesmo existían colectivos dispostos a aceptar a aportación municipal de 20.000 euros, sempre que o concello se comprometese a chegar aos 40.000 euros, cantidade que se aportaba ultimamente desde esta institución, no suposto de que non se conseguise o financiamento suficiente por outras vías, destacando a continuación a importancia da potenciación destes eventos dende un punto de vista turístico, sobre todo fóra do verán, como podería ser en setembro e que o gastado nestas actividades había que tomalo como un investimento, xa que despois revertía moito mais, finalizando esta intervención para dicir que neste momento o importante é que se seguise celebrando a festa.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que lle parecía curioso que neste asunto interviñese o **Sr. Martín González** e non a **Sra. Lago Martínez**, anterior Concelleira de Cultura e resaltou que nunca dixo que non se ía a facer a festa, senón que dado que non se podía despilfarrar o diñeiro nun concello como este, cun plan de axuste aprobado como consecuencia da xestión dos gobernos do Partido Popular, iríase a un proxecto con unha mais limitada aportación municipal de 20.000 euros, precisando que o problema non era o diñeiro, senón que a festa non funcionaba, que as carpas estaban baleiras e que tiña pouco éxito comparándoa con outras festas gastronómicas no concello. O interveniente precisou que tivo numerosas reunións e só presentouse un proxecto na segunda reunión e que as críticas lle caeron a súa persoa, botando en falta o apoio do **Sr. Alcalde**, situación que xa lla transmitiu a este e por último pediu desculpas se alguén se molestou polas súas palabras e dixo que estaba de acordo con que a festa se realizase en setembro, se ben no tema da cantidade similar, habería que especificar, indicando que podía intervir o Concelleiro de Facenda.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que ninguén dixo que se suprimiría a festa, senón que se buscaría un modelo completamente distinto, posto que algúns anos parecía unha cerimonia de lucimento do Alcalde, coa presenza de representantes do Partido Popular e politizando unha festa que agora queren devolver aos veciños, sen que os políticos lles rouben o protagonismo.

A **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, aludiu a que a festa tiña doce anos, non tendo o modelo que lle gustaría, lembrando que se alguén traballou pola festa e estivo na carpa foi ela e destacando que a interveniente tamén falaba cos colectivos e que dicir que non había implicación para seguir coa festa nor era correcto e manifestándolle ao **Sr. Agís Balboa** que agora o responsable era el.

O **Sr. Martín González**, sinalou que por unha banda din que non é problema de diñeiro e, por outra, ten que falar o Concelleiro de Facenda, precisando a continuación que estes eventos non son só festas, posto que teñen repercusión fóra do Concello, mesmo en medios de comunicación nacionais, polo que afectan a súa imaxe turística e deberían depender da Concellería de Turismo. O interveniente dixo que había que protexer e apoiar estas festas, pedindo o voto a favor da moción e evitar dar una mala imaxe, rematando para indicar que se debían potenciar as marcas de Portonovo e Vilalonga.

O **Sr. Agís Balboa**, en primeiro lugar dixo que facía apenas un par de horas estaban na páxina web do Concello as contas da festa dende facía varios anos, facendo un pequeno resumo das cantidades publicitadas. A continuación o concelleiro en uso da palabra aludiu a que toda a xente que estivo na carpa lle dixo que a festa era unha pena e que habería implicación, pero a carpa estaba baleira e ese era o problema, dirixíndose a **Sra. Lago Martínez**, por ser esta a responsable estes últimos anos. O interveniente explicou que se realizaron moitas reunións abertas, onde se lles dixo aos colectivos que se partía dunha aportación municipal de 20.000 euros e que ao seu xuízo era un erro facer a festa na carpa, debéndose ir aos restaurantes, engadindo que todo era perfecto mentres pagase o concello, pero isto non podía seguir así e rematando para manifestar que pedía desculpas polas malas formas e que había que potenciar todas as parroquias.

O **Sr. Alcalde** alegrouse do interese que espertou este tema, o que significa que a festa pode resucitar, sendo moi importante porque podería contribuír a desestacionalizar o turismo, o que era moi importante nun concello turístico como este, proseguindo para sinalar que esta festa se deteriorou nos últimos anos e, aínda que ninguén dixo que se ía anular, o certo é que era necesario darlle unha volta, polo que se comprometeu a que se siga realizando contando co pobo de Portonovo e anunciando que por ese motivo ían votar a favor da moción aínda que non fose necesario presentala, sen ben solicitou do poñente que retirase o punto segundo referente a contía económica pola inconcreción da mesma, algo que aceptou a continuación o **Sr. Martín González**.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a **moción, sen o seu segundo parágrafo referido á aportación económica**, a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada**.-----

ROGOS

1º) **Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, deu lectura ao seguinte escrito que se transcribe literalmente:

“A mala xestión do Concelleiro de Cultura, Festexos e Xuventude

Nunca estiven en política e o día 26 maio de 2014, xunto con J. Manuel Bea, fundamos o Círculo Podemos Sanxenxo. Logo veu a plataforma veciñal (catastro, etc), o partido Sxx Pode e Somos Sanxenxo e como non, os problemas, como en todo na vida. Todo moi ben. Xurde co cuatripartido un pacto de goberno e moita ilusión. Nada máis tomar posesión do cargo comezan os problemas no partido (loitas de egos, falta experiencia, chegar e encher....), todo vai depresa, aínda hoxe estamos a solucionarlos. ¿Qué fará o poder que todo o mundo o quere?

O verán do 2015 foi intenso e houbo que quitalo para adiante, moito xa feito pero nun municipio turístico coma Sanxenxo, unha locura. Chega o fin do verán, a centrarse. Reunións con colectivos, incluído o da Festa da Raia,... e comeza o traballo duro. Tamén xurden as diferencias entre os membros do goberno, ideas diferentes, hai que consensuar. Co tempo estas diferencias axudan pero outras fan que as relacións sexan intensas moitas veces e complicadas, pero o obxectivo é común, cambiar e mellorar Sanxenxo, facer cousas por e para os veciños. Hai que sacar isto adiante como sexa.

Hoxe 4 de abril, despois de sopésalo, un saca conclusións. Agradezo o apoio do meu partido, da xente que nos votou, de toda a xente do Concello e do grupo de goberno ata hoxe. Sen embargo, as cousas cambian e hoxe algo vai cambiar. Primeiro explicareime e logo comunicarei a miña decisión respecto ao goberno.

Grupo de goberno “Cuatripartito”

Nos últimos dous meses pedín permiso no traballo para so dedicarme ao Goberno. Son científico e traballo no Hospital Alvaro Cunqueiro, teño dedicación parcial como concelleiro. E as horas, tempo que dedico, sexan 4 ou 8 ó día, o fago con gusto. E por suposto o soldo tampouco é a miña preocupación xa que eu teño o meu traballo. Estaría disposto a renunciar ao meu soldo cando comecei pero seica tiña que cobrar coma todos. Isto por se alguén aínda pensa que teño algún tipo de interese político como económico por estar aquí.

A auga e o aceite mezclanse pero voltase a separar, así está o cuatripartito, un día si outro non. Hai tensións e é difícil moitas veces. Rompedeiros de cabeza constantes.

Algún dos puntos malos do cuatripartito:

- Auditoría, punto primeiro do programa de Sxx Pode, non se fixo.
- Presupostos, ningunha reunión aínda.
- Plan Concellos (todo en Portonovo, Sanxenxo e Vilalonga. Algunha parroquia quedouse sen nada)
- Trasparencia, respecto e participación (web deficiente e non se publican as cousas). A veces incluso nos faltamos o respecto.
- Falta de contundencia nalgunhas decisións (ex: administración acomodada e hai que poñerlle as pilas). Pensar menos no posto que un ocupa e máis nos veciños/as do concello.
- Festa da Raia. Ataques a min e ao Goberno pero nadie sale a palestra. Para entregar premios, viaxes, fotos... todos se apuntan. Para o malo, recibir os paus, as críticas, ser o malo da película... para eso so o señor Agís.
- En xeral, desavenencias, diferencias, encontronazos constantes, tensións continuas... etc.

Algún punto bo do cuatripartito:

Creo que tanto o alcalde como o resto de concelleiros son boa xente, creo que as intencións son boas. O plan de axuste, etc, complica o todo, hai que darlles tempo. Con uns levaste mellor ca con outros pero seguro algún-a dos do goberno pensara cousas destas coma min.

Sen embargo, os encontronazos foron a miúdo últimamente, diferencias de ideas, temperamentos, o meu forte, non son perfecto ninguén o é. Todo isto lévame a tomar a decisión que comunicarei en breve. Segundo o grupo de goberno son un pesadelo, insufrible, non hai quen me aguante, temos que levar migallas de vez en cando para mantermos no goberno,... A pregunta é: por qué son así? Non será que son dos poucos que da caña de verdade? E quere cambiar as cousas de verdade? E isto fai que o goberno non sea cómodo?. Pregunto.

Falo moito si, temperamental tamén,... pero tamén hai virtudes: Tomome en serio o meu traballo como concelleiro; non teño ningún tipo de interese nin político nin económico; considerome honesto e digo as cousas que penso tal como son, directas e á cara. Isto a veces pode incomodar, sobre todo cando che din verdades como catedrais. Reúnome con todo o mundo, se alguén pensa o contrario que o diga. Porque contesto ao momento, en horas, nun día e reúnome con todos os que mo piden o antes posible. E escoito e trato de solucionar, se podo, os problemas canto antes. Apoio as ideas, proxectos, iniciativas... sempre no que se poida. Iso creo que non mo pode negar ninguén. Xa chegarei o da Festa da Raia.

A verdade, non quero ser o pesadelo de ninguén e si isto incomoda ao goberno, e sen min será mais dinámico, por min non hai problema. Os concelleiros, políticos en xeral, deberían ser rotatorios, e deixar as funcións si é necesario, pois a política debe ser algo máis, non como ata agora, que moitos so viven de esto e o cú pégaselle á silla como unha lapa. Non é o meu caso señores, quero que quede claro.

Oposición “PP”

Xa lle dixen ao señor Telmo o que lle tiña que decir á cara e no meu artigo de opinión “Señor Telmo e a Fesa da Raia”. Nunca pactarei cun goberno do PP, unha porque son máis de esquerdas, aínda que isto de dereitas-esquerdas xa vemos o resultado que da no panorama nacional. Penso en todo o mundo e non só nuns poucos, e os partidos que funcionan con corruptelas, amiguismos, portas giratorias, etc... que deixaron Sanxenxo arruinado e o país tamén, e non recoñecen, nin expulsan senón protexen (aforamentos, pagas vitalicias...) os que debían de votar e xuzgar... Estes partidos non son afíns aos meus principios.

Xa deixo claro que nunca pactarei co PP, nin o fixen, nin o farei.

O pobo, a xente de Sanxenxo

O máis importante sodes os que estades hoxe aquí e todos os veciños do concello, votantes ou non votantes de meu partido, todos en xeral. No traballo de concelleiro, por si alguén o dúbida, nunca penso que pasará en catro anos, nin nas seguintes eleccións. Ao mellor outros dos meus compañeiros si, eu podovos asegurar que non. O miña preocupación diaria é resolver os problemas día a día, e traballar por e para a xente de Sanxenxo. O resto nin me importa, e o digo así de claro. As seguintes eleccións nin me preocupan o máis mínimo. Axudar á xente, cambiar, mellorar, colaborar, organizar,.....todo o fago pensando nos veciños e tratando de xestionar o mellor que poido. Non teño a experiencia de outros, nin son perfecto, tamén cometo erros, pero trato de mellorar e aprender día a día con todo o que fago. E a verdade dende que estou de concellerio aprendín moitísimo, a aínda que é duro ás veces, síntome satisfeito co traballo que fago. Quizais se pode facer mellor ou doutra maneira, pero o meu tempo de dedicación e plena en que todo se faga ben e pensando no ben de todos. Pode soar utópico, pero así é. Usar o sentido común, así de sinxelo.

Ainda así as críticas, os paus caen seguido se a Festa da Raia, se as casetas de Portonovo, ata as motos (que se relacionan máis con outras concellerías), concelleiro de incultura, que mala xestión, que non es ben recibido nalgún sitio,... etc. O de mala xestión escoiteino varias veces e fíxome curioso. E creo que a boa xestión é esencial. So isto fíxome pensar. E poñerei exemplos da miña mala xestión.

Comezarei decindo que o plan de axustes limita a actuación do Goberno, pero este ano faranse os orzamentos. Tamén afecta ás condicións dos traballadores do concello (non pagas extra, compensación de horas), non se pode contratar a nadie, en caso de baixas problemóns e búscate a vida para cubrillas, bolsas de traballo, etc. As horas de compensación son moitísimas e non vexas para solucionalo moitas veces.

Como se fala de mala xestión, mencionarei algunha das cousas que fago, que según algúns son mala xestión nas miñas áreas.

Bibliotecas

- Estase a crear unha Bolsa de traballo para cubrir baixas etc.
- Entramos na Rede de bibliotecas de Xunta. Por fin, nunca o fixeran antes. Isto permite acceder a subvencións da Xunta e xa se conseguiu unha para as bibliotecas de Portonovo e Sanxenxo, para facer actividades como "Ler conta moito".
- Axencia de Lectura de Vilalonga: sen contrato e tívose que pechar. Abrirase en breve espero, noutra localización pero con contrato, etc.
- Reformarase co plan concellos (cristaleira, seguridade e aillamento na segunda planta da biblioteca E.P. Bazán)
- Crear orzamento maior porque están sin un peso para facer cousas
- Ampliouse o horario de apertura, e máis se faría si se pudiera con máis persoal, etc.
- Creouse unha Enquisa de bibliotecas
- Ordenadores novos (esta subvención xa viña da concelleira de antes)
- Tiña a idea de dixitalizar o fondo local (noticias de prensa do concello, etc.) para que todo o mundo tivese acceso vía internet.

Escola de Arte

- Creouse Bolsa de traballo polas baixas
- A xente encantada nenos e adultos. Temos grandes artistas en Sanxenxo.
- Fanse varias actividades.

Animación sociocultural.

- Están en todo: ludotecas, carnavais, reis, actividades de verán,.... á hora que sexa, día e noite... sempre novas ideas... agora tamén o da viaxe a Ons programada para finais de agosto e da que se falou hoxe no pleno.

Cultura

- Técnico excelente con gran experiencia. En xeral toda a xente da miña concellería fai un gran traballo.

- Mantiven reunións con tódolos colectivos que mo pediron, por parroquias, e cando queiran no Pazo, ou donde sexa... Nunca digo non.
- Plan Concellos: Destinaranse case 43.000 euros para facer reparacións de humidades, tellado,... no Pardo Bazán e casas de cultura. Algún destes problemas levan aí dende que se fixeron os edificios. Xa choveu dende aquela, e por desgraza moitas veces ata dentro dos edificios.
- Estase a actualizar a lista de rexistro de asociacións do concello (máis de 150) que leva como mínimo dende o 1999 sen facerse, algunha dende 1986 (palabras do secretario Angel). O persoal que debía facelo no o fixo, a concelleira anterior tampouco. Estase a facer en colaboración coa técnico de Cultura e xente do departamento de animación sociocultural.
- De cara aos novos orzamentos quería crear un fondo de 10 a 20.000 euros para axudar ás asociacións. Que presentasen proxectos e apoiárase con cantidades pequenas os que fosen interesantes,... e sempre despois de presentar facturas claro. Habería que facer unhas bases, etc.
- Local de Ensaio e Grabación (proxecto en marcha para facelo no baixo do Pardo Bazán, debaixo da Escola de Arte)
- Mellora instalacións auditorio para así poder facer un ciclo de cine, teatro, música, poder entrar na Rede de Teatro de Galicia, etc.
- Promoción usando web do concello, notas prensa das actividades dos colectivos. Isto o propuxen eu e así se está a facer. Darlle difusión dende o concello ás actividades organizadas ou coas que colabora o Concello. Dalle visibilidade aos colectivos, e difúndense os eventos que chegan a máis xente.
- Ollares de Portonovo. En marcha promover coas súas fotografías todo Sanxenxo, puntos de interese, praias, igrexas,... todo con colaboración sin cartos de por medio. Ademáis de facer calendario anual con fotografías do Concello, usar fotografías para poñer no libro de festas de Sanxenxo...e máis cousas. Todo para facer promoción turística de Sanxenxo.
- Exposicións programadas para o verán na Sala Nauta (Luis Davila, etc), ademáis de promover os niños do Profesor Hermida que están abandonados na Telleira. Traelos unhas semanas no verán á Sala Nauta e que os disfrute todo do mundo aquí e de fora.
- Rutas muíños, senderismo cultural.....

Festexos

- Ademáis das festas patronais, carnavais, reis,....
- Intentabase desestacionalizar os eventos ao longo do ano, non so no verán.
- Comisións de festas (Sanxenxo, Portonovo). Buscar modelo participativo e autosostible. Bara de medir similar para todas as parroquias.
- Feiras de Artesanía, casetas Portonovo. A feira farase pero ben feita non como ata agora. Tamén facer algo máis pequeno pero similar en Sanxenxo. Axudaría a atraer turismo e financiar as festas do concello.
- Promover con outras concellerías unha ordenanza de usos nos espazos públicos e ocupación (terrazas, actuacións na rúa....)
- Festa da Raia. Darlle xiro, o problema non son os cartos. Facelo participativo, que sexa unha festa do pobo, usar carpa pero levar á xente ás rúas, a festa nas rúas, nos locais, restaurantes... non so na carpa. Elimínouse o problema do parking en Semana Santa en Portonovo. Entrentendas moveu evento oportunidades en Sanxenxo. Palillada, éxito rotundo. I Campionato de Chave, Festival Baile Tradicional os Gatiños,... E a raia no mes de setembro. Dun evento se creanse varios, en varias fechas, distintos contidos, distintos lugares.....
- Festival da Retranca. Sería a semana de San Xoán. Faríase evento na praia de Silgar noite de San Xoán (algo como na Coruña en pequeno). E festival que estaría nas rúas, comercios, restaurantes, hoteis... localizado nos principais sitios urbáns: Portonovo, Sanxenxo e Vilalonga. Máis de 50 artistas nunha semana. A metade do orzamento, uns 44.000 mil euros xa sponsorizado por empresas do concello.
- Programa cultural verán. Co mesmo presuposto do ano pasado en vez dun día de concertos como o ano pasado, faranse 3 días de eventos por semana: mércores- cine, xoves -familiar, venres- música)... e un día para colectivos si fose posible. Para o ano ou no futuro faríanse eventos todos os días. Non so Praza dos Barcos, senón varias prazas e itinerantes. A mesma ideas se trasladaría a Portonovo e a ser posible tamén outras parroquias.
- A actuación de Panorama verán 2015 "O Carnaval de Verano", xuntou case 20.000 persoas, non tivo custos para as arcas do Concello, contrato vinculante, cedese a praza dende Nauta e eles actuaron. Aínda así houbo críticas, sempre será así en política.

- San Xove Fest, idea de continuo. Festa da Xuventude.
- Alumeado de Nadal, árbores iluminados, participación dos veciños e colectivos do Concello. Chocolate para todos.
- Fin de ano organizado por O Cubreiro no que colaboramos (cotillón, champán....). Para o ano máis.
- Motos chopers (Rebels). Evento de motos custom o 30 abril en Portonovo. O goberno de antes nin lles fixo caso nin os atendeu.
- Cajal Winter (sociedade española de neurociencia). Virá a Sanxenxo a finais de abril. Organizao a Sociedade Española de Neurociencias.
- Día das Letras Galegas farase evento en Sanxenxo en colaboración con Concellería de Educación.
- As noites máxicas de Sanxenxo (festival colaboración con Portugal, Montealegre, promoción turística, etc.) Colaborarían con nós, xa fumos un par de veces aló de visita para contrastar ideas, e idea de proxecto. Sería un festival ao estilo da Feira Franca, Arribada, Reconquista... que lle dera identidade a Sanxenxo.

Xuventude

- OMX: despediu a Aurora, e parouse a súa actividade fai anos, seica a xuventude non era importante para o PP.
- Contratar co novo presuposto a alguén para OMX e que colaboraría con cultura, e reactivaríase este servizo, esencial para Sanxenxo. Apoio á Xuventude.
- Erasmus Plus e programas intercambio xuvenil da Unión Europea. Estabase a traballar para conseguir algo así como o carnet europeo do concello co cal poderíamos concurrir a proxectos coma este.
- Noites Abertas en Sanxenxo, varias reunións cos de Noites Abertas de Pontevedra para ver como facelo aquí.
- Etc.....moito mais por facer

Transparencia

- Primeira concellería publicar as súas contas (Festa da Raia, festas patronais, concellería....). Leva tempo porque nunca se fixo e non saben nin como facelo. Gran xestión a anterior. Instaurase un modelo que se mellorará e será a tónica no futuro do concello, transparencia.
- Auditoría (por facer). Deberíase pois é o punto número un do programa de Sxx Pode.
- Auditoría dos contratos dos locais do porto deportivo (Nauta). Estánse a cumprir case todos. Esperanse os informes do interventor, etc. Soliciteino eu no Consello de Administración de Nauta.
- Tamén se fixo unha auditoría en Turismo.

Participación

- Promoción das actividades de todos os colectivos nas redes, web, prensa
- Promover que os colectivos participen nos eventos (no programa de verán a idea e meter un día con asociacións) – Mesa sectorial. Que participen na organización eventos, etc.

Respecto

- Asignatura pendente, aquí pecamos todos. Todos sabemos como é a política pero isto non é excusa.
-

Se todos sabemos que é a mala xestión? E según dí algunha xente eu fago mala xestión, e dinvos exemplos da miña mala xestión. Pregunto:

Alguén me pode decir que é a boa xestión? Porque entón debo ser tonto. Non será que Sanxenxo non coñece boa xestión? Porque si boa xestión é o despilfarro, gastar sen pensar, non reunirse cos colectivos, estacionalizar os eventos, facer todo a golpe de talonario sen deixar os colectivos e veciños colaborar na organización de eventos, non propoñer cousas novas,... entón mal vamos.

Secretario (Angel)

- Polo tanto parece que para o Goberno son un pesadelo, para moita xente un mal xestor,... e iso é o que menos quero. Non vou de vítima, nin de malo, nin de nada. É unha decisión persoal. Creo que será mellor para o goberno si me apeo e que outro faga o traballo. Como dixer, isto

debería ser normal na política actual que algúen deixara o seu posto. Sen embargo, clarifico que me considero máis que capacitado, preparado,... para desempeñar este cargo como así o fixen ata agora. A incomodidade do Goberno e as diferencias, as críticas dos veciños,... serei un friqui?, o meu traballo no hospital e a miña vida persoal, etc.... Sexa o que sexa considero que o meu papel no cuatripartido rematou. Agora será un tripartito, espero.

- Polo tanto comunico “O concelleiro Roberto Carlos Agís Balboa non deixa a súa acta, pero deixa de apoiar ao grupo de Goberno, quedará como oposición e pide que se retiren as súas competencias en Cultura, Festexos e Xuventude, así coma tamén ser membro dos consellos de administración de Terra, Insula, Nauta e Turismo así como algunha outra competencia que teña. Presentarei o documento nos próximos días para facelo oficial”.
- Clarifico tamén que non apoiarei un goberno do PP nunca, nunca, por si algún non o escoitou, pero tampouco do grupo actual. Estarei na oposición, e dende aí Sxx Pode fará o que poida. A miña acta mantereina e quedará a disposición do meu partido, eles decidirán si queren que siga ou non.

So decir para terminar que vou coa cabeza ben alta e o traballo ben feito. Isto que non o dubide ninguén.

Algúns consellos:

Para o goberno: Pensar en todos os veciños, das sete parroquias e de todas as clases sociais, usar o sentido común, ser contundentes e tomar o toro polos cornos como se soe decir. Tomar decisións sen pensar nas consecuencias políticas, nin si o posto que un ocupa pode perigar ou non, senón pensando na xente de Sanxenxo. E sobre todo, transparencia, respeto e participación.

Para o Partido Popular: Tomen exemplo os do seu partido, e sepan apearse cando chega o seu tempo señor Telmo. Sepan recoñecer os erros, e acabar coa corrupción e corruptos do seu partido. Menos amiguismos, favoritismos, intereses, aforamentos, etc. Vamos, o que todo o mundo sabe e o país tamén. Para os veciños/as de Sanxenxo: Ser pacientes porque as cousas ben feitas levan tempo. Pedir, protestar, criticar está claro hai que facelo, pero tamén saber agradecer. Valorar o traballo dos políticos porque moitos son honrados e traballan polo ben do pobo. Participar, mobilizarse se fai falla. Facer críticas constructivas. Como se soe decir un pobo unido nunca será vencido. A falta de unión por desgraza moitas veces é a constante neste concello entre colectivos, parroquias, goberno, a xente en xeral....Moitas Grazas.”-----

PREGUNTAS

Non se formulou ningunha.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e dúas horas, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**